



FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

Somos o que LEAMOS

Encontros coa literatura contemporánea
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

MANUEL JABOIS

Mércores, 29 de Maio, ás 19.30h.

Salón de actos da Fundación Luis Seoane

Manuel Jabois naceu en Sanxenxo (Pontevedra) en 1978. Jabois comezou, a finais de 1998, a súa relación co xornalismo, mentres estudaba filoloxía hispánica en Santiago de Compostela, exercendo como corresponsal do Diario de Pontevedra. En 2003 gañou o **XXIV Premio Nacional de Periodismo Julio Camba**. Durante a súa carreira profesional colaborou cos xornais El Progreso, El Mundo e Diario de Pontevedra, a revista de humor Retranca, a cadea de radio Onda Cero e o magazine cultural dixital Jot Down. Desde 2015 escribe reportaxes, crónicas e columnas no diario El País; tamén ten un espazo diario no programa Hoy por hoy da Cadena SER. Como escritor, publicou a recompilación de artigos **Irse a Madrid (2011)**, as breves memorias **Grupo Salvaje (2012)** e **Manu (2013)** e un longo traballo sobre o II-M titulado **Nos vemos en esta vida o en la otra (2016)**.

MALAHERBA (Alfaguara, 2019)

Un día Mr. Tamburino, Tambu, un neno de dez anos, atópase ao seu pai tirado na habitación e coñece a Elvis, un novo compañeiro da súa clase. Descubrirá por vez primeira o amor e a morte, pero non da maneira que el cre. Os dous, Tambu e Elvis, vivirán xuntos os últimos días da nenez, eses nos que pasan cousas que non se poden explicar e sentimentos aos que aínda non se lles sabe poñer nome. Este é un libro sobre as cousas terribles que se fan con agarimo, escrito con humor e unha prosa rápida que avanza levando a Tambu e á súa irmá Rebe, a Claudia e ao seu irmán Elvis, á fronteira dun mundo novo.

(Fonte: Alfaguara)



Somos o que
LEAMOS
Encontros coa literatura contemporánea
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

ENTRADA GRATIS ATA COMPLETAR AFORO